



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Prevención e Xestión de Riscos Laborais I		Código	660G01023
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación	Villarroya López, Alberto	Correo electrónico	alberto.villarroya@udc.es	
Profesorado	Villarroya López, Alberto	Correo electrónico	alberto.villarroya@udc.es	
Web	www.erlac.es			
Descripción xeral	Proporcionar unha visión completa e actualizada sobre as condicións de traballo e os aspectos técnicos e legais da prevención de riscos laborais na empresa e a súa influencia sobre o individuo.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
A1 Marco normativo regulador das relacións laborais.	A1	
A2 Marco normativo regulador da Seguridade Social e da protección social complementaria.	A2	
A3 Saúde laboral e prevención de riscos laborais.	A3	
A5 Políticas sociolaborais.	A5	
A14 Seleccionar e xestionar información e documentación laboral.	A14	
A22 Planificación e deseño, asesoramento e xestión dos sistemas de prevención de riscos laborais.	A22	
A31 Aplicar os coñecementos á práctica	A31	
B1 Resolución de problemas.		B1
B2 Capacidad de análise e síntese		B2
B3 Capacidad de organización e planificación		B3
B6 Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional		B6
B9 Traballo en equipos.		B9
B12 Motivación para a calidade.		B12
C7 Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.		C7

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1: Introducción e conceptos básicos.	Historia da prevención de riscos laborais. Condicións de traballo e saúde. Conceptos básicos. Ambiente de traballo. Factores de risco laboral. Patoloxía do traballo. Técnicas de prevención de riscos: prevención e protección.
TEMA 2: Fontes normativas sobre seguridade e saúde.	Marco normativo sobre seguridade e saúde laboral a nivel nacional, Unión Europea e Internacional. Marco competencial das administracións e organismos públicos.
TEMA 3: A Lei de Prevención de Riscos Laborais.	Obxectivo e análise. Dereitos e obrigacións. Responsabilidades e sancións.
TEMA 4: Real Decreto dos Servicios de Prevención.	Organización e xestión da prevención na Empresa. Plan de prevención. Avaliación de riscos e Planificación. Os servizos de prevención, implantación, requisitos e control. Auditorías.



TEMA 5: A Avaliación de Riscos Laborais.	Definición e Obxectivos. Fases da Avaliación. Tipos de Avaliación. Avaliación Xeral dos riscos laborais.
TEMA 6: Accidente de traballo.	Accidente de traballo. Definición e clasificación. Causas dos accidentes. Seguridade no traballo e as súas técnicas. Introdución á estatística de accidentes: clasificación e índices estatísticos.
TEMA 7: Xestión de accidentes.	Notificación e rexistro de accidentes. Investigación de accidentes.
TEMA 8: Risco de incendio.	Risco de incendio. Conceptos xerais. Efecto sobre a saúde. Prevención do incendio. Detección e alarma. Equipos e medios de extinción. Normativa legal.
TEMA 9: Xestión das emerxencias	Plan de emerxencia e autoprotección. Características organizativas e funcionais. Documentación PRL. Normativa.

## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A5 A22 B6 C7	21	35	56
Estudo de casos	A14 A31 B1 B2 B9 B12	21	42	63
Proba obxectiva	B3 B5	2	25	27
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Clases expositivas con apoio de medios audiovisuais e intervención directa do alumnado. Poderán complementarse con actividades semellantes como a asistencia a Congresos, conferencias do ISSGA, seminarios organizados polo centro ou outras actividades indicadas polo profesor.
Estudo de casos	Análise de casos (supostos prácticos, test, etc) como complemento dos contidos teóricos expostos nas sesións maxistrais, con inclusión de casuísticas actuais relacionadas cos riscos laborais. Os traballos se realizarán exclusivamente de xeito individual para proceder á súa avaliación.
Proba obxectiva	Exame final onde o alumno reflicte os coñecementos adquiridos na materia.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Nas sesións maxistrais exporanse situacións concretas sobre a prevención dos riscos laborais, incitando ao debate activo e dinámico das distintas propostas que os alumnos vaian expoñendo, co obxectivo de alcanzar conclusións sobre as cuestións expostas. A exposición dos contidos realizarase coa aplicación de medios audiovisuais.
Estudo de casos	Durante as clases analizaranxe aspectos normativos sobre a lexislación laboral en materia de prevención de riscos para conseguir que o alumno estableza os seus propios criterios de valoración e interpretación da normativa. Como reforzo das sesións maxistrais, celebraranse asemade tutorías personalizadas para aqueles alumnos que o requiran.

## Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Estudo de casos	A14 A31 B1 B2 B9 B12	Valoración das achegas individuais dos estudiantes tras a realización dos casos prácticos propostos.	40
Proba obxectiva	B3 B5	Proba escrita individual sobre o coñecemento adquirido polo alumno dos contidos da materia, tanto na modalidade tipo test como nas preguntas a desenrolar.	60

#### Observacións avaliación

A parte práctica da asignatura ("Estudo de casos") supón o 40% da nota final, mentres que a parte teórica ("Proba obxectiva") supón o 60% da nota final. Para que se sumen as diferentes metodoloxías, de cara a obter unha nota media final, será imprescindible obter o 50% da cualificación correspondente a cada un dos apartados a avaliar ("Estudo de casos" e "Proba obxectiva").

Respecto á parte práctica da asignatura ("Estudo de casos"), compre indicar que os alumnos de avaliação continua que acaden o 50% da cualificación correspondente quedarán exentos de examinarse de dita parte na proba obxectiva correspondente á convocatoria ordinaria.

De non conseguir o mínimo esixido nalgunha das metodoloxías ao término da convocatoria ordinaria, o alumno non superará a materia. Neste caso, a avaliação constará suspensa, podendo volver a examinarse na oportunidade de Xullo, onde a metodoloxía de avaliação consistirá nunha única proba obxectiva (dividida en duas partes, "Proba obxectiva" e "Estudo de casos") cun valor total do 100 % da cualificación final.

Aqueles alumnos que non poida facer un normal seguimiento da asignatura, por ter recoñecida a Dispensa de Docencia, poderán optar por examinarse do 100% da súa cualificación por medio dunha proba obxectiva final durante os periodos de avaliação oficialmente establecidos. De non conseguir o 50% do total da nota nesa proba, a avaliação constará suspensa na convocatoria ordinaria e poderá volver examinarse na oportunidade de Xullo, onde a metodoloxía de avaliação será unha única proba obxectiva (dividida en duas partes, "Proba obxectiva" e "Estudo de casos") por valor do 100% da cualificación.

Se solicitan dispensa, todos os alumnos farán constar ao profesor mediante email ou de forma visible na súa ficha de alumno e se ésta se lle concedeu, debendo consignar nese caso se optan por AVALIACIÓN CONTINUA ou PROBA OBXECTIVA FINAL. O alumnado non poderá ser avaliado simultáneamente por avaliação continua e por proba obxectiva final. De non constar expresamente, ou non entregar a ficha nos quince días posteriores ao comezo do curso académico, entenderase que optan pola PROBA OBXECTIVA FINAL. A elección é definitiva e irreversible para a convocatoria en curso.

As adaptacións curriculares para estudiantes con discapacidade ou con necesidades educativas específicas serán pautadas pola Comisión de docencia do centro, previo informe do servizo de orientación e prácticas.

#### Fontes de información

Bibliografía básica	- Juan LÓPEZ GANDÍA, José Francisco BLASCO LAHOZ (2015). Curso de prevención de riesgos laborales. Tirant lo Blanch - Cayetano NÚÑEZ GONZÁLEZ, Federico ESTARDID COLOM (2015). Marco normativo y gestión de la prevención de riesgos laborales. Tirant lo Blanch - José Luis LLORCA RUBIO, Yolanda LOZANO CÁDIZ, Antonio MORENO MARTÍNEZ, Mª Carmen SALCEDO BELTRÁN (2012). Prevención de riesgos laborales: Instrumentos de aplicación.. Tirant lo Blanch - Isabel Mª MARTÍNEZ MARTÍNEZ, Antonio CARDONA LLORENS, Raúl CHILET PÉREZ, Guillermo GARCÍA GONZÁLEZ (2013). Casos prácticos de prevención de riesgos laborales. Tirant lo Blanch A bibliografía anterior se atopa disponible na BIBLIOTECA VIRTUAL DO CENTRO, á que podes acceder coas túas claves no siguiente enlace: <a href="http://www.erlac.es/es/estudiantes-acceso/">http://www.erlac.es/es/estudiantes-acceso/</a>
Bibliografía complementaria	Cortés Díaz, José María. 2007. Técnicas de prevención de riesgos laborales. Ed. Tebar. Libro.Espeso Santiago, José Avelino. 2009. Manual para la formación de técnicos en prevención de riesgos laborales. Ed. Lex Nova. Libro.González Biedma, Eduardo. 2009. Legislación sobre seguridad y salud en el trabajo. Ed. Tecnos. Libro.WebgrafíaInstituto Nacional de Seguridad, Salud y Bienestar en el Trabajo. <a href="http://www.insst.es">www.insst.es</a> Web. Ministerio de Trabajo e Inmigración. <a href="http://www.mtin.es">www.mtin.es</a> . Web.Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral. <a href="http://www.issga.es">www.issga.es</a> . Web.Agencia Europea de Seguridad y Salud en el Trabajo. <a href="http://www.osha.europa.eu">www.osha.europa.eu</a> . Web.Comisión Europea. <a href="http://www.ec.europa.eu">www.ec.europa.eu</a> . WebOrganización Internacional del Trabajo. <a href="http://www.ilo.org">www.ilo.org</a> Web.Organización Mundial de la Salud. <a href="http://www.who.int">www.who.int</a> . Web.



## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Dereito do Traballo I/660G01011

Dereito da Seguridade Social I/660G01021

## Materias que continúan o temario

Dereito do Traballo II/660G01012

Dereito da Seguridade Social II/660G01022

## Observacións

A lexislación en materia de prevención de riscos laborais soe ser cambiante, polo que a avaliación da asignatura farase dacordo coa normativa legal vixente en cada momento.

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías